



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

Segundo o establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG 29/04/88), modificado polo Decreto 374/1996, do 26 de xullo e pola Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos;

Lémbrese que o vindeiro **23 de novembro de 2022** en horario de **16:00 a 18:30** horas, celebrarase neste Centro a votación para a elección de representantes das nais/pais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar deste Centro.

Para participar na referida votación procederase da seguinte forma:

1. Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todas as nais/pais ou titores legais dos alumnos/as matriculados no Centro e que figuran no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral despois da súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambas persoas.

2. Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes das candidatas, pola orde alfabética de apelidos, e cada elector/a deberá marcar cunha cruz o máximo de **tres nomes** das candidatas relacionadas, debendo acreditar a súa identidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

Candidatas que se presentan:

- Baamonde Castrillón, Rosa María
- Lestegás Niño, Vanesa
- Vidal Rey, Pamela

A dirección do CEIP O Cantel anima a todas as nais, pais e titores legais do alumnado a que participen na votación do vindeiro 23 de novembro de 2022, como unha forma máis de colaboración na organización do centro, coa fin de conseguir a máxima representatividade posible de nais e pais do alumnado no Consello Escolar do mesmo.

Foz, 17 de novembro de 2022

A directora do CEIP O Cantel



Asdo. Adela Seijo Castro